

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

ORDE do 2 de decembro de 2020 pola que se conceden os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2019/20, convocados pola Orde do 27 de agosto de 2020 (Diario Oficial de Galicia do 8 de setembro).

Mediante a Orde do 27 de agosto de 2020 convocáronse os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal, correspondentes ao curso 2019/20 (DOG do 8 de setembro). No artigo 14, a citada orde establece que a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará a proposta feita pola comisión de selección á persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que recollerá a relación de códigos alfanuméricos dos premiados.

Vista a proposta feita pola comisión de selección, por proposta do secretario xeral de Educación e Formación Profesional, de acordo co establecido no artigo 14.2 da orde de convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro. Adxudicar os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal, correspondentes ao curso 2019/20, aos alumnos e alumnas que figuran na seguinte relación:

Código persoal do/da alumno/a	Cód. centro	Centro estudos
NFAWDKEN	36020374	IES Valadares
4QTIHFSJ	36014601	IES Álvaro Cunqueiro
K6OKQHLC	15004642	CPR Plurilingüe Santa María del Mar
AKIRE1WZ	15001136	IES Francisco Aguiar
TJ6DFEGB	36020374	IES Valadares
LGK0EJHX	32013612	IES Xesús Taboada Chivite
AT0PAISW	15004101	CPR Plurilingüe Cristo Rey
NMGK4SKS	32009131	IES Universidade Laboral
RGRB34CX	36020374	IES Valadares



Código persoal do/da alumno/a	Cód. centro	Centro estudos
SORPYGCV	36020374	IES Valadares
QKOEUYJF	15006791	IES Saturnino Montojo
DOCV9XYC	32008707	CPR Plurilingüe La Purísima
M9QL3M6Z	36014428	IES Val Miñor
KRMUHBFE	36011257	CPR Plurilingüe El Pilar
HRE4FSEB	32008707	CPR Plurilingüe La Purísima
F1OJOKSP	36020374	IES Valadares
TB2LLQXR	36006997	CPR Santo Tomás
GYM1KVVK	32005305	CPI Plurilingüe Laureano Prieto
NCNKSKS6	15026421	IES Plurilingüe Rafael Dieste
1P55SMEN	15017880	CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz

Segundo. Cada alumno ou alumna premiados recibirá 750 € que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 10.20.423A.480.1 dos orzamentos do ano 2020.

Terceiro. Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2020

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

